

galiciã

a ruta da camelia



XUNTA DE GALICIA

NOTA IMPORTANTE_

Co obxecto de promover a comercialización de produtos turísticos, Turismo de Galicia levou a cabo unha licitación a través de procedemento aberto (en libre concorrencia) dirixido especialmente a axencias de viaxe.

Os itinerarios incluídos neste folleto son o resultado das propostas de paquetes confeccionados pola axencia adxudicataria.

A flor de Galicia

Galicia posúe as características óptimas para o cultivo da camelia. Un clima húmido, temperaturas suaves e solos fértiles e acedos fan que o crecemento destas plantas sexa espectacular e sorprenda a expertos de todo o mundo.

As camelias chegaron a Galicia a finais do século XVIII, procedentes de países afastados como China e Xapón. Nun principio instaláronse nos xardíns dos pazos e casas señoriais da nobreza galega, pero co tempo introducíronse nos xardíns e terreos, tanto públicos como privados, de toda a nosa xeografía, ata converter Galicia nun referente internacional no cultivo e produción desta planta. Na actualidade a comunidade atesoura case 8.000 variedades diferentes de camelia.

Propoñémosvos varias rutas por algúns dos xardíns máis espectaculares de Galicia. Deterémonos nos fascinantes espazos verdes que albergan os pazos máis singulares das provincias da Coruña e Pontevedra. Coñeceremos todos os segredos que ocultan tanto as pedras como as especies botánicas destes lugares cheos dun encanto particular. Os produtos típicos e os viños de cada territorio intensificarán a exquisitez da nosa viaxe.

EDITA_

Turgalicia. Estrada Santiago-Noia, km 3.
15896 Santiago de Compostela
Tel. 902 200 432 | 981 537 588 | cir.turgalicia@xunta.es

COORDINACIÓN_ xxxx

DESEÑO E MAQUETA_ Vía Láctea Comunicación, S.L.

FOTOGRAFÍA_ Arquivo Turgalicia

IMPRESIÓN_ xxxx

DEPÓSITO LEGAL_ xxxx



1 Camelias durmindo en... Paradores

De Santiago de Compostela a Cambados, paseamos polos xardíns máis sorprendentes dos seus pazos. Coñecemos as diferentes especies que acubillan e todas as curiosidades que esconden estes máxicos espazos.

páx **8**

2 Camelias durmindo en... pazos

En Padrón iniciamos esta ruta, que nos leva a Santiago de Compostela e aos pazos máis emblemáticos ata Pontevedra e Soutomaior. Ademais dos seus xardíns, gozaremos da súa historia e da súa gastronomía.

páx **20**

3 Camelias e adegas

Esta experiencia conxuga a visita a algúns dos máis belos xardíns palacianos e señoriais de Galicia cun percorrido polos viñedos e as adegas con Denominación de Orixe. Nesta viaxe o viño acompaña aos excelentes peixes e mariscos das rías galegas.

páx **32**

A ruta das camelias

experiencias



1 EXPERIENCIA Camelias durmindo en... Paradores

- día 1| Santiago de Compostela
- día 2| Santiago de Compostela – Vedra – A Estrada – Vedra – Santiago de Compostela
- día 3| Vilagarcía de Arousa – Meis – Cambados
- día 4| Cambados

2 EXPERIENCIA Camelias durmindo en... pazos

- día 1| Padrón
- día 2| Santiago de Compostela – Vedra – A Estrada – Vedra – Santiago de Compostela
- día 3| Vilagarcía de Arousa – Cambados – Meis – Pontevedra
- día 4| Pontevedra – Soutomaioir

3 EXPERIENCIA Camelias e adegas

- día 1| Cambados
- día 2| Cambados – Vilagarcía de Arousa – Ribadumia – O Grove – Illa da Toxa
- día 3| Illa da Toxa – O Grove – Meis – Illa da Toxa
- día 4| Illa da Toxa – Poio – Pontevedra – Soutomaioir

Camelias durmindo en... Paradores

Como “flor de inverno” ou “flor de Galicia”, así se coñece aquí á camelia. Aínda que é unha especie orixinaria da China e Xapón, onde a consideran a flor máis fermosa do mundo, hai 300 anos achou excelente acomodo nos aristocráticos xardíns dos pazos galegos. A nosa proposta lévavos de paseo por estes espectaculares escenarios, onde a camelia viste á pedra e xuntas conforman ambientes cheos de encanto.



INICIO_ Santiago de Compostela
FIN_ Cambados
XORNADAS_ 4

MÁIS INFORMACIÓN_

- Hostal dos Reis Católicos. Tel_ 981 582 200
- Pazo de San Lourenzo_ www.pazodesanlorenzo.com
- Pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Tel_ 981 512 011
- Pazo de Oca. Tel_ 986 587 435
- Pazo de Rubiáns_ www.pazoderubianes.com
- Finca da Saleta. Tel_ 986 872 323
- Parador do Pazo de Bazán. Tel_ 986 542 250
- Adegas do Pazo de Fefiñáns_ www.fefinanes.com



1 EXPERIENCIA

- día 1|
Santiago de Compostela
- 1_ Hostal dos Reis Católicos
 - 2_ Catedral
 - 3_ Casco histórico
 - 4_ Rúa do Franco
 - 5_ Rúa da Raíña
- día 2|
Santiago de Compostela
- 6_ Alameda
 - 7_ Pazo de San Lourenzo
 - 8_ Casco histórico
- Vedra
- 8_ Pazo de Santa Cruz de Ribadulla
- A Estrada
- 9_ Pazo de Oca
- Vedra
- 10_ Localidade de Vedra
- Santiago de Compostela
- 11_ Santiago de Compostela
- día 3|
Vilagarcía de Arousa
- 12_ Pazo de Rubiáns
 - 13_ Localidade de Vilagarcía de Arousa
- Meis
- 14_ Finca da Saleta
- Cambados
- 15_ Parador do Pazo de Bazán
 - 16_ Barrio de Fefiñáns
- día 4|
Cambados
- 17_ Pazo de Fefiñáns



O encanto do casco histórico compostelán

O Hostal dos Reis Católicos foi un hospital de peregrinos

Esta proposta parte de Santiago de Compostela, onde vos aconsellamos chegar pola tarde para gozar dun paseo relaxado polo seu monumental casco histórico, declarado Patrimonio da Humanidade en 1985. A cidade posúe unha ampla oferta de aloxamento. Pero o seu emblema é o Hostal dos Reis Católicos, antigo hospital de peregrinos e Parador dende 1954.

A situación privilexiada do Hostal, na **Praza do Obradoiro**, ao lado da catedral, provoca a admiración dos visitantes. Ante a súa porta, de fina ornamentación plateresca, podemos identificar aos Reis Católicos, Isabel e Fernando, encerrados nuns medallóns; as figuras nús de Adán e Eva; e os doce apóstolos aliñados no friso. E, por riba destes, a Virxe María, Xesús, San Xoán Evanxelista e o Apóstolo Santiago con vieira e bastón de camiñante. Ao mirar máis arriba destaca a cornixa, decorada con gárgolas grotescas e obscenas.

O interior do edificio pode visitarse sen necesidade de ser hóspede, coa compañía dun guía turístico. Desta maneira podemos percorrer os seus catro patios interiores e unha fermosa cepela oxival, declarada Monumento Histórico Artístico en 1912.



> Catedral de Santiago dende a Alameda

Da catedral ás tapas do Franco e A Raiña

A catedral impresionaravos pola gran cantidade de tesouros artísticos que alberga, como o **Pórtico da Gloria**, obra cumio do Románico. O resto da tarde aconsellámosvos que vos perdades pola rúas empedradas do **casco antigo**, mesturándovos entre a masa de peregrinos, universitarios, visitantes e composteláns, que marcan o carácter tan xenuíno desta cidade. Atoparedes abundantes monumentos e igrexas que se poden visitar, ademais de numerosos museos e salas de exposicións.

E á hora de tomar algo ou cear hai establecementos de todos os ambientes que satisfacen os gustos máis variados: restaurantes, marisqueiras, locais de tapas, viñotecas, xamonerías, mesóns e asadores, bares ou tabernas. Un costume moi compostelán é ir de tapas ou racións, en especial percorrendo as pintorescas **Rúa do Franco** e **A Raiña**.



> Alameda de Santiago



> Claustro do Hostal dos Reis Católicos

“Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entrebecida ô sol”.

Federico García Lorca



> Alameda de Santiago

A Alameda de Santiago e os xardíns dos pazos próximos á cidade

A Alameda posúe un enorme valor botánico

O verde ten caracterizado dende sempre a paisaxe de Santiago. Tamén no casco antigo, onde os seus xardíns históricos son lugares emblemáticos e moi transitados. O preferido para os paseos e o recreo dos composteláns é a Alameda, que podemos visitar tralo almorzo. Divídese en catro zonas: Campo da Estrela, Paseo da Ferradura, Paseo da Alameda e Carballeira de Santa Susana.

Os seus xardíns, bancos, estatuas, esculturas, fontes, estanques, quiosco da música, pombal e igrexas axudan a recrear ambientes decimonónicos, modernistas e actuais. Ademais, destaca o seu valor como xardín botánico, pola súa gran variedade de especies vexetais, moitas delas exóticas.



> Carballeira de San Lourenzo



> Carreira das Oliveiras. Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

A Carballeira de Santa Susana posúe exemplares de máis de trescentos anos

Camelias japónicas, máis dun século mirando cara á catedral

Os tileiros prateados do **Campo da Estrela** dannos a benvinda cando accedemos por Porta Faxeira. Camiñando baixo a bóveda arborada do **Paseo da Ferradura** atoparemos algúns dos 66 exemplares de camelia *japónica* que levan máis dun século contemplando unha das imaxes máis fermosas da cidade sobre a súa catedral e a zona monumental.

O mesmo lle ocorre ao xigante *Eucalyptus globulus* que dobra a esquina. Non deixedes de pasar un momentíño sentados no banco de madeira que o rodea, respirando o seu aroma fresco e desconxestionante, ao mesmo tempo que se admira a fachada do Obradoiro da catedral.

Despois veredes a "Perona", un espécime de *Abies nordmanniana* que se plantou en 1947 para conmemorar a visita de Eva Perón á cidade. E, en ascenso, rodeando o monte de **Santa Susana**, a súa imponente carballeira, con exemplares de máis de trescentos anos.

O Pazo de San Lourenzo conserva exemplares de camelia do século XIX

Dende a Alameda alcanzamos rapidamente outra carballeira centenaria, a **Carballeira de San Lourenzo**, cruzando a Avenida das Burgas. Se prestades atención non será difícil ver asomar un esquiño de entre algún tronco oco.

Detrás desta carballeira levántanse os xardíns e o bosque do Pazo de San Lourenzo, protexidos por una alta muralla de pedra. A súa visita pode organizarse de maneira particular. É unha grande oportunidade para contemplar máis de cen especies vexetais, onde tamén destacan as camelias, cuxos exemplares máis antigos pertencen ao século XIX.

Pero é no xardín claustral onde se esconde a xoia do pazo, unha gran sebe de buxo tallada que constitúe unha das pezas máis relevantes da xardinería xeométrica española, tanto polo seu tamaño como polos seus catro séculos de vida.

Paseando entre xardíns terase ido a mañá. Aconsellámosvos regresar ao casco antigo seguindo as rúas de **San Lourenzo**, **Pozo de Bar** e **Hortas**. Esta última é unha longa subida empedrada cara á Praza do Obradoiro. No seu contorno existen locais de menús con prezos alcanzables e outros que representan a vangarda culinaria da cociña galega.

Unha gran sebe de buxo tallada, de hai catro séculos, é unha das pezas máis relevantes da xardinería xeométrica española

En Vedra visitamos a que foi residencia temporal de Jovellanos

Pola tarde podemos continuar paseando entre xardíns. Existen excelsos exemplos preto da cidade de Santiago, seguindo a N-525 en dirección Ourense. Á altura do veciño concello de Vedra atopamos un desvío ao Pazo de Ortigueira, coñecido tamén como **Pazo de Santa Cruz de Ribadulla**, que foi residencia temporal do político e escritor Jovellanos.

Os seus xardíns, abertos ás visitas, están considerados por moitos expertos como o espazo botánico ornamental máis fascinante de Galicia. Neles as múltiples variedades de camelia *japónica* xúntanse formando fermosos paseos, como o chamado **Carreira das Noivas**. Hai exemplares xigantes non só de camelias, que aquí se cultivan para a venda, senón tamén de magnolios.

Durante o percorrido existen multitude de espazos para deixarse perder, pero non marchedes sen ver a **fonte barroca da Coca** ou a **Fervenza**. E, por suposto, a **Carreira das Oliveiras**, un longo paseo de oliveiras centenarias, cuxas raíces grosas e nodosas se descubren da terra, capaces de transportarnos coa imaxinación ás paisaxes dun libro de Tolkien.



> Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

O Pazo de Oca, considerado o “Versalles galego”

Trala visita reincorporámonos á N-525, seguindo en dirección a Ourense. Imos camiño do Pazo de Oca, que moitos denominan o “Versalles galego”, precisamente pola beleza dos seus xardíns, que se poden visitar. Atoparemos o desvío á dereita sinalizado, xa no concello da **Estrada**.

Tras un pequeno percorrido desembocamos na súa gran praza exterior, presidida pola fachada principal do pazo, do século XVIII, que remata nunha torre medieval. Ao fondo, en ángulo recto co pazo, hai unha **capela** barroca comunicada con este por un bonito corredor de arcos.

Os seus xardíns, rodeados por una alta muralla de pedra, tamén son históricos e recrean varios ambientes. No xardín francés é digno de admirar un gran labirinto de buxo inspirado nun debuxo do pavimento da catedral de Canterbury. No máis paisaxista camiñamos por sendas cun halo de maxia e misterio. E no hortícola animámonos os cultivos de flores e emparrados. Este crúzao en diagonal o elemento máis admirado do conxunto, o seu grande estanque.

Un estanque con ponte, embarcadoiro e muíño

Á metade do percorrido, unha ponte de arcos atravesa o estanque. Baixo a mesma refúxiase un embarcadoiro e un muíño, que aínda funciona. Unha das metades do estanque que divide a ponte representa a paz na figura dun pescador de pedra. A outra simboliza a maldade e a guerra, con canóns e pétreas feras. Partindo do centro do estanque e en perpendicular xorde unha grande avenida de tileiros, onde, se deixamos voar a imaxinación, é fácil evocar escenas de trepidantes carreiras de cabalos entre os nobres.

Nun dos xardíns do pazo hai un labirinto de buxo inspirado nun debuxo do pavimento da catedral de Canterbury



> Pazo de Oca

Unha camelia de doce metros e unha secuioia xigante

Estes xardíns posúen un importante valor botánico. Destaca un espécime de *Camellia reticulata* “*Captain Rawes*” de doce metros de alto e unha *Criptomeria japónica* centenaria, que figuran no Catálogo de Árbores Monumentais de Galicia, ademais dunha secuioia xigante. E unha longuísima ringleira de camelias “*Mont Blanc*” cruza a práctica totalidade da ala oeste do xardín, tinguíndoa de branco na súa época de floración.

Aconsellámosvos que vos tomades o voso tempo no paseo por este señorío de natureza, auga e pedra, pois numerosos elementos captarán a vosa atención. É o caso da sorprendente **Fonte da Mona** ou a **Fonte da Troita**.

En Vedra é típica a orella de porco e os viños e augardentes do Ulla

Finalizada a visita, estará próxima a hora da cea. Recomendámosvos que no camiño de volta a Santiago paredes en Vedra. Tede en conta que a rica gastronomía do concello ten dado lugar ás festas da orella e dos viños e augardentes do Ulla.



> Pazo de Oca



> Pazo de Oca

Pazos e camelias no Salnés


Tras almorzar poñemos rumbo á comarca do Salnés, en pleno corazón das Rías Baixas, onde a camelia séntese moi a gusto grazas ao seu clima suave e húmido. A simbiose entre pazos e camelias sorpréndenos tamén aquí con exemplos de extraordinaria beleza.

No século XIX plantáronse as primeiras camelias no Pazo de Rubiáns

O noso primeiro destino é o Pazo de Rubiáns, no concello de **Vilagarcía de Arousa**. A vía principal de comunicación con Santiago é a AP-9. Aquí concorren un pazo de cinco séculos de antigüidade conservado en perfecto estado, un gran xardín, un horto e un bosque axardinado, un viñedo de *albariño* e un monte de sobreiras. O conxunto suma 65 hectáreas.

Máis de cen especies de flores adornan o xardín, pero a camelia é o seu emblema dende que a principios do século XIX se plantaron as primeiras, regalo do duque de Caminha. Sen dúbida, outro elemento que vos chamará a atención son os seus eucaliptos, traídos polo bispo de Tui a esta propiedade sobre 1820 e que hoxe se atopan entre os máis grandes de Europa ao superar os catorce metros de perímetro.

Solicitándoo con antelación, o persoal do pazo serviranos de guía. Ademais de orientarnos por este tesouro natural ideado en 1870 polo paisaxista francés Martín Dorgambide, explicaranos o proceso de elaboración de aceites esenciais de camelia. A Estación Fitopatolóxica do Areeiro destílan as sementes obtidas neste terreo, que logo empregan as monxas do Mosteiro de Armenteira para fabricar xabóns artesanais, que tamén podemos levar de aquí como aromático recordo.



En Vilagarcía degustamos mexillón, vieira e ostra con viño albariño

Rematada a visita suxerímosvos que vos acheguedes á vila de Vilagarcía de Arousa para comer. A súa ría é feudo de excelentes mariscos, como o mexillón, a vieira e a ostra, cultivadas nas bateas. E os seus viñedos son o reino do albariño da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Coas sementes destas camelias elabóranse aceites, cos que as monxas do Mosteiro de Armenteira fabrican xabóns



A Finca da Saleta, en Meis, posúe un extenso xardín de tipo inglés


Pola tarde agárdanos o último verxel da camelia na Finca da Saleta, no concello de Meis, onde chegaremos dende a PO-531. O lugar exacto coñécese como San Vicente de Meis. Aquí atoparemos un xardín de cinco hectáreas de tipo inglés, deseñado pola arquitecta paisaxista Brenda Colvin e que se pode visitar con cita previa.

Á entrada áchase unha gran casa de labranza; unha capela dedicada á Virxe da Saleta, que no seu interior conserva un retablo e unha bóveda policromada; e un gran hórreo. Máis adiante tamén veremos un pombal de planta octogonal rodeado dun bosque de carballos, eucaliptos e sobreiras.

No xardín hai moitas plantas de orixe exótica: rododendros, azaleas, protáceas e mirtáceas australianas e ericáceas sudamericanas. E numerosas variedades de camelia, de pétalos brancos, rosas, vermellos, violáceos, xaspeados e reticulados que tinguen o xardín ata a entrada da primavera. Acharémolo todo perfectamente identificado e etiquetado, grazas ao inxente labor do matrimonio británico Gimson, recoñecido con importantes premios e mencións.

Cambados, un bo lugar para cear e durmir

Toda a comarca do Salnés ofrece establecementos de calidade onde poder durmir, como hoteis, casas e hoteis rurais con encanto. Pero o símbolo é o **Parador do Pazo de Bazán**, en Cambados. A localidade tamén goza dunha exquisita oferta de restauración para poder cear. No seu aristocrático **barrio de Fefiñáns** concéntranse gran número de restaurantes, cuxo prato estrela é o marisco e o peixe da ría, acompañados dunha copa de viño albariño, da Denominación de Orixe Rías Baixas.



| día 4 |

Visita ás adegas, o viñado e o bosque do Pazo de Fefiñáns

Tralo almorzo podemos aproveitar a ocasión de atopármolos na coñecida como capital do albariño, “príncipe dso viños” para Álvaro Cunqueiro, e organizar unha visita ás adegas de Fefiñáns. Estas alóxanse nun impresionante pazo integrado nun conxunto artístico do século XVI, declarado Ben de Interese Cultural, do que forman parte a **Igrexa de San Benito**, unha atalaia-miradoiro e un fermoso arco-ponte barroco.

Ademais das adegas, o interior do Pazo de Fefiñáns acolle unha hectárea de viñado con cepas centenarias de *albariño* e un bosque de especies autóctonas e buxos centenarios, entre os que poderemos pasear.



Camelias durmindo en... pazos



Propoñémosvos unha escapada en contacto coa pedra máis nobre de Galicia, a dos seus pazos, e todo un universo vexetal concentrado nos seus bosques e xardíns. Neles, as especies autóctonas e exóticas conviven entre estanques, fontes e fervezas. E xogan en composicións xeométricas, ao estilo francés, ou se envolven dunha aparencia agreste, máis inglesa. A presenza destacada da camelia, unha das flores máis emblemáticas dos xardíns palacianos de Galicia, apórtalles beleza e unha marcada personalidade.



> Castelo de Soutomaior



INICIO_ Padrón
FIN_ Soutomaior
XORNADAS_ 4

MÁIS INFORMACIÓN_

- Pazo de Lestrove_ www.pazodelestrove.com
- Pazo de San Lourenzo_ www.pazodesanlorenzo.com
- Pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Tel_ 981 512 011
- Pazo de Oca. Tel_ 986 587 435
- Pazo de Rubiáns_ www.pazoderubianes.com
- Adegas do Pazo de Fefiñáns_ www.fefinanes.com
- Finca da Saleta. Tel_ 986 872 323
- Pazo de Lourizán_ 986 805 000
- Castelo de Soutomaior_ www.hotelpousadadelcastillo.com



EXPERIENCIA

- día 1|
Padrón
- 1_ Xardín Botánico-Artístico
 - 2_ Pazo de Lestrove
 - 3_ Casco antigo
- día 2|
Santiago de Compostela
- 4_ Alameda
 - 5_ Pazo de San Lourenzo
 - 6_ Casco histórico
- Vedra
- 7_ Pazo de Santa Cruz de Ribadulla
- A Estrada
- 8_ Pazo de Oca
- Vedra
- 9_ Localidade de Vedra
- Santiago de Compostela
- 10_ Santiago de Compostela
- día 3|
Vilagarcía de Arousa
- 11_ Pazo de Rubiáns
- Cambados
- 12_ Pazo de Fefiñáns
 - 13_ Vila de Cambados
- Meis
- 14_ Finca da Saleta
- Pontevedra
- 15_ Pazo de Lourizán
 - 16_ Casco histórico
- día 4|
Pontevedra
- 17_ Pontevedra
- Soutomaior
- 18_ Castelo de Soutomaior



Os xardíns de Padrón

Os nobres xardíns de Galicia son espazos que se prestan ao paseo sosegado e á charla. Podemos iniciar o noso percorrido en Padrón, vila de resonancia literaria e xacobeá, dentro da comarca do Sar, ao sur da provincia da Coruña. Para gozar con calma destes escenarios suxerímosvos chegar a primeira hora da tarde e buscar hospedaxe na localidade ou no seu contorno, que ofrece hoteis, pensións, casas rurais e pazos convertidos en aloxamentos turísticos.

No Xardín Botánico-Artístico conviven 300 especies diferentes

Unha vez acomodados podeades dirixirvos ao Xardín Botánico-Artístico, declarado Ben de Interese Cultural con categoría de Xardín Histórico en 1946. Está situado ao pé da estrada nacional ao seu paso por Padrón, na Avenida de Compostela.

O seu deseño lembra á moda francesa, que se incorporou ás características dos pazos galegos. Está rodeado por unha reixa de ferro forxado de estilo decimonónico que incrementa o aire romántico que xa lle concede a súa frondosidade. A entrada condúcenos ao corredor principal de plataneiros, que axuda a distribuír as sendas e as diferentes áreas nas que se divide o xardín.

Aquí conviven trescentas especies, moitas exóticas e algunhas únicas en España, en apenas unha hectárea de terreo. Destacan a secuioia vermella, que representa o teito vexetal do xardín, ao lado da estatua do trovador medieval Macías o Namorado; a árbore do amor, cuxas ramas espiñosas enrédanse formando a coroa de Cristo; ou a palmeira de Senegal, que proporciona as palmas para o Domingo de Ramos. Se a nosa visita é inverná gozaremos do colorido das súas camelias e se é a principios de verán da fragancia das gardenias.



> Xardín Botánico, Padrón



O xardín posúe unha secuioia vermella, unha árbore do amor e unha palmeira de Senegal



> Pazo de Lestrove

O Pazo de Lestrove ten cinco hectáreas de terreo axardinado

Moi preto do centro da vila, seguindo a Rúa do Carme, despois de cruzar a ponte sobre o río Sar, hai outro destino interesante pola súa arquitectura e espazos naturais, que se estenden en cinco hectáreas de terreo axardinado. É o Pazo de Lestrove, un edificio orixinario do século XVI que serviu de mansión de recreo aos arcebispos composteláns e que hoxe é un hotel-monumento con categoría de catro estrelas.

Tamén se coñece como **Pazo Anxo da Garda** pola advocación da súa capela. Suxerímosvos que entredes nela para ver unha impresionante talla a tamaño natural da Dolorosa, obra do escultor Ferreiro. Outro dos elementos que máis encanto reúne é unha fonte de pedra de tres alturas coroada cun Santiago peregrino, que nos dá a benvinda dende o patio da entrada.

Os afamados pementos de Padrón

Ao rematar o percorrido podeades cear no restaurante do pazo ou optar por facelo en Padrón. Nos restaurantes, locais de tapas, polberías e tascas tradicionais do casco antigo non faltan os produtos da mesa tipicamente galega. Aquí o protagonista é o pemento de Padrón da Denominación de Orixe Protexida Pemento de Herbón, polo que é coñecido este concello e o dito que acompaña a súa degustación: "Uns pican e outros non".



> Pementos de Padrón



> Alameda de Santiago



> Monumento a Rosalía de Castro na Alameda de Santiago



> Vista dende a Alameda de Santiago

| día 2 |

Os xardíns de Santiago e dos pazos do seu contorno

A Alameda, o grande espazo verde de Compostela

Aproveitando a proximidade de Padrón con Santiago de Compostela, propoñémosvos dedicar a mañá a coñecer os seus espectaculares espazos verdes. Podemos chegar pola autoestrada ou pola estrada nacional. Atoparedes unha oferta hoteleira variadísima para aloxarvos: hoteis con encanto, hostais, pensións, albergues e establecementos rurais.

Ao chegar, suxerímosvos comezar o percorrido pola Alameda, que podería considerarse o xardín palaciano da cidade, polo papel que xogaba na vida da fidalguía galega como área de entretemento e recreo. As mesmas actividades que os habitantes actuais da cidade desenvolven neste espazo tan próximo ao centro. Divídese en tres zonas: A Alameda, a Carballeira de Santa Susana e A Ferradura; cada unha pertence a épocas e deseños diferentes.

A escultura das “Marías”, a máis fotografada

A Alameda nace á entrada de Porta Faxeira, onde nos reciben aliñacións de plataneiros, camelias, un magnífico exemplar de *Sequoia sempervirens* e unha magnolia plantada pola Sociedade de Amigos do País. Ao final atopámonos coa escultura das “Marías”, que representa a dúas mulleres que foron moi populares en Compostela. É habitual vela rodeada de xente desexosa de ter unha foto xunto a estas pintorescas personaxes.

Detrás da escultura esténdese un gran paseo central, antano reservado á alta sociedade compostelá. As clases sociais menos privilexiadas podían percorrer os laterais, onde filas de camelias e tileiros prateados dan sombra a bonitos bancos de pedra e forxa da antiga fundición de Sargadelos. Se a nosa visita coincide en inverno veremos esplendorosos os exemplares de magnolia de Soulange.

O paseo central da Alameda estaba reservado antano á alta sociedade e os laterais ás clases máis modestas

Carballos, camelias e eucaliptos centenarios

Un estanque e o templete da música acaban de compoñer este ambiente modernista. Tamén detrás das “Marías” vemos un camiño que ascende ata a **Igrexa de Santa Susana**, que se rodea dunha magnífica carballeira con exemplares de máis de trescentos anos. Este é o espazo máis antigo de todo o conxunto, mercado local dende a Idade Media e que algúns composteláns aínda lembran como escenario da feira de gando.

A **Ferradura** enlaza os dous extremos da Alameda. Por un dos seus lados unha gran bóveda de carballos en compañía de camelias centenarias, coñecido como o **Paseo dos Leóns** polas dúas estatuas que figuran en senllos piares á entrada, cobre o paseo. Dende aquí a catedral e a zona monumental regálannos o escenario perfecto para unha foto.

Dende a estatua de Rosalía de Castro contémplese o Campus Universitario

Máis adiante, un enorme *Eucaliptus globulus*, xa centenario, ofrécenos un banco de madeira ao seu redor para sentámonos un anaco a respirar o aire perfumado das súas follas e contemplar a fachada catedralicia do Obradoiro. A continuación, outro interesante espazo presidido pola estatua da insigne poetisa galega Rosalía de Castro proporcionámonos unha vista privilexiada ao Campus Universitario. Complétese con outras esculturas como a da “Leiteira”, ademais de fontes e estanques e un alto pombal.

A Ferradura conta con notables exemplos arbóreos, como a “Perona”, un espécime de *Abies nordmanniana* plantado en 1947 para conmemorar a visita de Eva Perón. Tamén hai algúns cipreses de Lawson, abetos do Cáucaso ou cedros e destacan as ringleiras de palmeiras canarias e de castiñeiros de Indias.



“Debo advertir que `aha´ es lo que dicen las camelias cuando abren, y `hota´ cuando se desprenden de la rama y caen; los japoneses son quienes nos han enseñado esto”.

Álvaro Cunqueiro

O Pazo de San Lourenzo acubilla máis de cen especies vexetais

Dende o miradoiro aos xardíns do Campus Sur descenden unhas magníficas escalinatas. Se baixamos por elas e nos desviamos á dereita, cruzando a Avenida das Burgas, chegaremos á **Carballeira de San Lourenzo**. Ás súas costas levántase o pazo do mesmo nome, construído entre os séculos XIII e XVII, incluído dentro do Patrimonio Artístico Nacional.

O seu extenso bosque e os seus xardíns, completamente amurallados, esconden máis de cen especies vexetais. A xoia atópase no xardín claustral e é unha gran sebe de buxo de catro séculos de vida tallada cunha rica simboloxía relixiosa, que a converte na peza máis relevante da xardinería xeométrica española de tipo relixioso.

No casco histórico degustamos as típicas racións galegas

O final do percorrido coincidirá coa hora da comida. As rúas do casco histórico, en especial **O Franco**, **A Raiña** e outras próximas, ofrecen unha gran variedade de locais onde degustar as típicas racións galegas: polbo á feira, raxo, pementos de Padrón, orella, berberechos, mexillóns, lacón ou xamón asado, entre outras. Ou, se preferides, podeades decantarvos por un caldo e cocido galego, mariscos ou peixes en caldeirada ou tenreira galega.

Exemplares xigantes de camelia no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

A poucos quilómetros de Santiago existen dous magníficos exemplos de xardíns palacianos, perfectamente sinalizados no traxecto pola N-525 en dirección Ourense. O primeiro é o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, á altura do concello de **Vedra**. O desvío atoparédolo indicado como Pazo de Ortigueira, polo lugar onde se sitúa.

Moitos expertos considérano o espazo botánico ornamental máis fascinante de Galicia. As camelias están aquí representadas con múltiples variedades e algún exemplar xigante. Na coñecida como **Carreira das Noivas** forman un fermoso corredor de ambiente bucólico. Pero se o que preferides é maxia e misterio, entón percorrede a **Carreira das Oliveiras**, un longo paseo entre oliveiras centenarias, cuxas ramas se entrecruzan sobre as nosas cabezas. Tampouco debebes perdervos recunchos cheos de encanto como a **fonte barroca da Coca** ou a **Fervenza**.

A beleza dos xardíns do Pazo de Oca

Se despois nos reincorporamos á N-525 en dirección a Ourense atoparemos o desvío ao Pazo de Oca, xa no concello da **Estrada**. Moitos chámano o “Versalles galego” pola beleza dos seus xardíns. No exterior, pazo e capela únense en ángulo recto por un corredor de arcos formando un fermoso conxunto diante da praza.

No interior poden visitarse os xardíns, totalmente amurallados. Un dos elementos máis sorprendentes é un grande estanque a modo de río que cruza diagonalmente o xardín. Unha ponte de arcos de pedra, baixo a que se refuxia un embarcador, atravesaa no medio do seu curso. Separa simbolicamente o ben, representado nunha metade do estanque por un pescador de pedra; do mal na outra, con esculturas de canóns e feras pétreas.

No xardín francés é posible admirar un **labirinto de buxo**, inspirado nun debuxo do pavimento da catedral de Canterbury. As plantas de camelias prodíganse por moitos recunchos. Na avenida dos Tileiros é fácil evocar escenas de época con paseos ou carreiras a caballo. Aconsellámosvos que vos deixedes perder percorréndoo todo para atopar fontes, lavadoiros, floreiros e ocos de pedra e cerámica con plantas no seu interior. Acharedes espécimes destacables como unha gran *Camellia reticulata*, unha *Cryptomeria japónica* centenaria ou unha secuoa vermella, entre outras moitas variedades vexetais.

O grande estanque que atravesa o xardín posúe unha ponte que separa de maneira simbólica o ben e o mal

Ceamos en Vedra

Á hora de cear recomendámosvos parar en Vedra antes de regresar a Santiago para saborear a súa rica gastronomía. Produtos como a orella e os viños e augardentes do Ulla gozan de festa propia neste concello.

Os xardíns palacianos das Rías Baixas

Seguindo a pista de belos xardíns palacianos, propoñémosvos que vos dirixades á comarca do Salnés, nas Rías Baixas, despois do almorzo. Ademais, aquí resulta moi doado atopar aloxamento, pois existe unha ampla oferta e de calidade en toda a zona. Mesmo se consideramos hospedarnos nun Parador, atoparemos o excepcional **Pazo de Bazán** en **Cambados** e, próximo tamén, o de **Pontevedra**, situado nun céntrico pazo renacentista.

Os eucaliptos do Pazo de Rubiáns, con 14 metros de perímetro, están entre os máis grandes de Europa

A camelia reina no Pazo de Rubiáns, entre máis de cen especies de flores

Pola autoestrada AP-9 chegaremos a Vilagarcía de Arousa, en cuxas aforas, pola estrada de Pontevedra, está o Pazo de Rubiáns. Aquí a camelia é a señora entre máis de cen especies de flores, dende que o duque de Caminha as obsequiou a principios do século XIX. Hoxe recóllense as súas sementes para destilar o aceite esencial co que as monxas do Mosteiro de Armenteira elaboran xabóns artesáns, que tamén atoparedes no pazo.

Nas súas 65 hectáreas de extensión, o pazo garda, ademais do xardín, un monte de sobreiras e un viñado de *albariño*, que alimenta a produción de viños da adega, amparada pola Denominación de Orixe Rías Baixas. Chamaranvos a atención os seus exemplares de *Eucalyptus globulus*, plantados en 1820 como regalo do bispo de Tui. Están entre os máis grandes de Europa, con catorce metros de perímetro.



> Pazo de Rubiáns



> Pazo de Rubiáns

A adega e os xardíns do Pazo de Fefiñáns

Dende Vilagarcía de Arousa axiña chegaremos a Cambados. Nesta vila tan mariñeira como señorial podemos visitar os xardíns e o Pazo de Fefiñáns, na céntrica praza do mesmo nome, onde tamén se levanta a **Igrexa de San Benito**, unha atalaia-miradoiro e un belo arco-ponte barroco. Todo o conxunto está declarado Ben de Interese Cultural.

O interior do pazo alberga a adega máis antiga do lugar, en activo dende 1904. Percorreremos unha extensión dunha hectárea de viñado en emparrado e pasearemos entre os xardíns, que gardan especies autóctonas e buxos centenarios, coidados con esmero. Tamén é posible acceder ás estancias do pazo, onde descubriremos o gusto refinado da fidalguía galega que se asentaba en vilas e cidades.

Peixe e marisco en Cambados, “capital” do viño albariño

Trala visita será xa hora de xantar. Nas rúas próximas concéntranse restaurantes, mesóns e locais de tapas que nos sorprenderán cos seus mariscos e peixes da ría. Non esquezades regar a comida cun albariño da Denominación de Orixe Rías Baixas, non en van estamos na súa “capital”.

As múltiples cores da camelia na Finca da Saleta

Pola tarde podemos organizar a visita á Finca da Saleta no próximo concello de **Meis**. Nesta ocasión agárdanos unha gran casa de labranza con hórreo, pombal e capela. O conxunto está rodeado por cinco hectáreas de carballos, eucaliptos e sobreiras e un xardín de tipo inglés, deseñado pola paisaxista Brenda Colvin.

Tamén aquí a camelia é protagonista, tinguindo a paisaxe de branco, rosa, vermello, violáceo ou xaspeado durante a súa floración. Pero tamén atoparemos rododendros, azaleas, protáceas e mirtáceas australianas e ericáceas sudamericanas, perfectamente etiquetadas e identificadas.



> Pazo de Fefiñáns



> Finca A Saleta

Impresionantes exemplares de camelia no Pazo de Lourizán

Poñemos rumbo a Pontevedra. Moi preto desta poboación, na estrada que se dirixe a Marín, atópase o Pazo de Lourizán e o seu gran terreo de 54 hectáreas, que hoxe alberga o **Centro de Investigacións Forestais**. A súa relevancia botánica e arquitectónica merece unha visita.

Impresionaranos a gran edificación de estilo modernista, cunha escalinata de corte imperial, profusas columnas, enormes ventanais, estatuas e ornamentos. Fíxoa levantar o político Montero Ríos, quen negociou o Tratado de París de 1898 que puxo fin á guerra hispano-norteamericana.

O contorno contén numerosos puntos de interese como o invernadoiro de cristal, o pombal, o hórreo, o lagar, as ruínas do muíño, o lavadoiro, a charca das troitas, o Parque das Rías, diversas fontes históricas e a Gruta dos Espellos, adornada con vidros de cores.

O Xardín Botánico posúe castiñeiros xaponeses e chineses, cedros do Líbano e olmos holandeses

O Xardín Botánico, creado en 1949 coa denominación de "Arboreto", conserva especies tanto exóticas como autóctonas que se plantaron dende o século XIX ata a actualidade. O cedro do Líbano, a *Metasequoia glyptostroboides* e a formación de castiñeiros xaponeses e chineses están incluídos no Catálogo de Árbores Singulares de Galicia. Pero tamén destacan o olmo holandés, as palmeiras raiña ou a avenida de magnolias. Os expertos cualifican como "impresionantes" os seus exemplares de camelia "Alba Plena". As plantas de camelias máis antigas datan do século XIX.

Trala visita podedes cear en **Pontevedra**. No casco histórico da cidade atoparedes bos mesóns e restaurantes da excelente cociña tradicional galega.



> Pazo de Lourizán

| día 4 |

O Castelo de Soutomaior e o seu Xardín de Excelencia Internacional

Tralo almorzo en Pontevedra aconsellámosvos aproveitar a mañá cunha última visita ao Castelo de Soutomaior, na localidade próxima do mesmo nome, onde chegamos en pouco máis de media hora en coche. Os seus xardíns foron os primeiros de España en obter o título de "Xardín de Excelencia Internacional", outorgado pola Sociedade Internacional da Camelia durante o Congreso Internacional da Camelia, celebrado na China en 2012, dada a importancia que esta flor ten no parque botánico de Soutomaior.

A árbore de camelia máis ancha de Galicia

Neste parque botánico existen 400 plantas de camelia de ata 25 especies diferentes, algunhas delas centenarias. Un dos exemplares consta de 18 troncos que medran dende a base da árbore e un diámetro de copa de 17 metros, o que a converte na máis ancha de Galicia.

Nas súas 35 hectáreas de extensión conviven palmeiras, laranxeiras, eucaliptos, castiñeiros, carballos e magnolios sobre este outeiro no que se alza o castelo medieval. A súa construción primitiva data do século XII e nel fixo o seu feudo Pedro Madruga, figura clave da Galicia do século XV, tanto na loita contra as revoltas campesiñas como contra os Reis Católicos.

Ao conxunto amurallado accédese por unha ponte levadiza. Sobre a porta distinguiremos o escudo dos marqueses de Mos. Dentro do palacio podemos contemplar as estancias totalmente restauradas e a excelentemente labrada "Galería de Damas", que constitúe un magnífico miradoiro ao patio de armas.



> Pazo de Lourizán



> Castelo de Soutomaior

Camelias e adegas

Suxerímosvos vivir unha experiencia enoturística combinada coa visita aos mellores xardíns palacianos e señoriais de Galicia. Nestes espazos a flor da camelia brilla con luz propia. E acompáñase doutras especies, autóctonas e exóticas, de alto valor botánico e estético, coidadas con aloumiño e esmero. Ao noso paso tamén nos veremos rodeados de hortos, froiteiros e viñedos, de cuxas uvas saen os excelentes caldos das denominacións de orixe galegas.



> Pazo Quintero da Cruz



INICIO_ Cambados
FIN_ Soutomaior
XORNADAS_ 4

MÁIS INFORMACIÓN_

- Pazo de Bazán. Tel_ 986 542 250
- Museo Etnográfico e do Viño. Tel_ 986 526 119
- Adegas do Pazo de Fefiñáns_ www.fefinanes.com
- Pazo de Rubiáns_ www.pazoderubianes.com
- Pazo Quintero da Cruz_ www.pazoquintero dacruz.es
- Finca da Saleta. Tel_ 986 872 323
- Castelo de Soutomaior_ www.hotelpousadadelcastillo.com



EXPERIENCIA

- día 1|
Cambados
- 1_ Pazo de Bazán
 - 2_ Alameda da Calzada
 - 3_ Museo Etnográfico e do Viño
 - 4_ Ruínas de Santa Mariña Dozo
 - 5_ Praza de Fefiñáns
 - 6_ Pazo de Fefiñáns

- día 2|
Cambados
- 7_ Vila de Cambados
 - Vilagarcía de Arousa
 - 8_ Pazo de Rubiáns
 - 9_ Carril
 - Ribadumia
 - 10_ Pazo Quintero da Cruz
 - O Grove
 - 11_ Paseo Marítimo
 - 12_ Porto deportivo
 - Illa da Toxa
 - 13_ Illa da Toxa

- día 3|
Illa da Toxa
- 13_ Illa da Toxa
 - O Grove
 - 12_ Porto deportivo
 - 14_ Ría de Arousa
 - 15_ Porto
 - Meis
 - 16_ Finca da Saleta
 - Illa da Toxa
 - 13_ Illa da Toxa

- día 4|
Illa da Toxa
- 17_ Capela das Conchas
 - 18_ Tenda-museo
 - Poio
 - 19_ Combarro
 - Pontevedra
 - 20_ Casco histórico
 - 21_ Capela da Peregrina
 - Soutomaior
 - 22_ Castelo de Soutomaior



En Cambados, o berce do albariño

Cambados, vila señorial e mariñeira, está situada na comarca pontevedresa do Salnés, nas Rías Baixas. É un excelente punto de partida para esta aventura que une viñado e xardín. Será moi doado chegar ata aquí grazas á proximidade da Autoestrada do Atlántico (AP-9) e doutras importantes vías de comunicación.

Recomendámosvos chegar a primeira hora da tarde, con tempo para instalarnos no hotel e comezar a descubrir os múltiples encantos da zona. A oferta de aloxamento inclúe pazos, casas rurais e señoriais e tamén adegas que ofrecen hospedaxe. A insignia hoteleira é o magnífico **Pazo de Bazán**, edificio do século XVII, convertido hoxe en Parador de Turismo, onde no seu día se aloxou o Xeneral De Gaulle.

O pazo goza dunha céntrica situación, fronte á **Alameda da Calzada**, onde os chopos e os álamos dan sombra aos visitantes durante a “Festa do Viño Albariño”, que se celebra na primeira semana de agosto e está declarada de Interese Turístico Nacional. Se facedes coincidir a visita con este evento

veredes o lugar convertido nun bulicio de xente entregada á boa comida, bebida e charla nas casetas que instalan os adegueiros. Durante eses días ofrecen os seus mellores albariños a prezos populares, que se poden acompañar cos excelentes mariscos da ría.

Os segredos do viño do Salnés

Propoñémosvos comezar a tarde no Museo Etnográfico e do Viño, un dos primeiros de temática vitícola que se fundou en España. Dende a Alameda da Calzada transitamos un tramo da Avenida de Vilariño ata o cruzamento coa rúa de San Francisco, que seguimos ata onde se cruza coa Avenida da Pastora, por onde ascendemos ata chegar ao museo. Está instalado nunha antiga casa reitoral do século XVI, chamada **Casa de Ricoy**, e identificáremolo polo seu gran letreiro na fachada. No seu interior descubrimos os segredos do viño do Salnés e da Denominación de Orixe Rías Baixas.

As ruínas de Santa Mariña Dozo

A poucos pasos atópanse as ruínas de Santa Mariña Dozo, declaradas Monumento Nacional, que albergan un cemiterio, ao que Álvaro Cunqueiro describiu como “o máis melancólico camposanto”. En canto atravesedes o enreixado que dá paso ao que queda desta igrexa, representativa do estilo gótico mariñeiro, comprenderedes por que a súa visita é imprescindible. Os restos que se conservan dos muros de pedra aínda sosteñen uns arcos, nus cara ao ceo, pero ricamente ornamentados con adornos de bólas. No solo repártense o espazo multitude de lápidas con cruces, esculturas e as flores que as decoran, xunto á rebelde vexetación arbustiva que se fai forte entre as pedras.

As hipóteses que falan da destrución parcial da igrexa no século XIX apuntan a un incendio, fortuíto ou provocado, debido aos enfrontamentos ou ás continuas revoltas da época. A sensación de melancolía e romanticismo que pode inspirar este lugar multiplícase en días anublados ou, se son soleados, á hora na que o Sol declina polo Atlántico dende o **Monte da Pastora**. Nese momento este escenario préstase a belos xogos de luces entre os arcos, polo que será unha boa oportunidade para captar unhas preciosas imaxes.

De viños polo barrio de Fefiñáns

Unha vez concluída a visita seguro que xa será unha hora apetecible para a degustación dos viños albariños do Salnés. Suxerímosvos que volvades ao centro de Cambados e vos internedes no aristocrático barrio de Fefiñáns ata chegar á praza do mesmo nome. Esta formidable explanada de pedra está rodeada por un conxunto artístico levantado no século XVI e declarado Ben de Interese Cultural. Del forman parte a **Igrexa de San Benito**; unha atalaia-miradoiro, chamada **Torre da Homenaxe**; un precioso arco-ponte de traza barroca; e o portentoso **Pazo de Fefiñáns**, flanqueado por dous curiosos balcóns circulares a modo de púlpitos.

Unha visita ás adegas de Fefiñáns

O interior do Pazo de Fefiñáns alberga dende 1904 a adega máis antiga do lugar. “Bodegas del Palacio de Fefiñanes” produce tres tipos distintos de albariño e augardentes. Se o programamos con antelación podemos percorrer as súas distintas salas de fermentación, crianza e embotellado. E ver o proceso produtivo in situ, acompañados do persoal da adega, que nos guiarán para explicarnos paso a paso a elaboración dos seus caldos, que poderemos degustar. Nunhas instalacións con tanto avoengo vemos como conviven as modernas tecnoloxías produtivas en harmonía coa crianza do viño en barricas de carballo, gardadas nun ambiente dominado pola pedra e a madeira.



> Alameda da Calzada. Cambados



> Ruínas de Santa Mariña Dozo



> Adega do Pazo de Fefiñáns. Cambados



> Pazo de Fefiñáns

O viñado, o xardín e o bosque “máxico” do Pazo de Fefiñáns

Outro atractivo dentro do pazo é o viñado histórico, cuxo percorrido organiza a Adega Gil Armada. É posible pasear pola plantación guiados por unha enóloga, que nos explicará as cualidades particulares desta uva, o seu cultivo, o seu clima e o seu solo. Despois acompañaranos na cata final para axudarnos a identificar aromas que lembran ao limón, a herba mollada, a rosa silvestre ou ás froias tropicais. Toda unha sinfonía de olores e sabores que poden saír da nosa copa.

Ao final das hortas, onde se conservan estes antigos viñedos, está o bosque “máxico”. O apelativo é merecido, pois aparece por sorpresa tras atravesar un corredor de vides en emparrado. Como por arte de maxia vémonos dentro dunha impresionante bóveda de buxo, rodeada de especies autóctonas como carballos e castiñeiros centenarios. Tamén percorrерemos o xardín, que, segundo a época, déixase invadir de diferentes cores e olores, grazas ás rosas, as peonias, as lilas, o heliótropo, o *philadelphus* ou o *muguet*, entre outras.



O interior do pazo

A mesma adega tamén organiza a visita ás estancias do pazo, cuxa decoración reflicte os gustos exquisitos dunha fidalguía asentada en vilas e cidades, máis afastada do universo cultural campesiño. Seguro que vos sorprenden elementos como o belo papel pintado inspirado en motivos orientais dun dos salóns. Foi un capricho exótico traído polo primeiro marqués de Figueroa de Rusia, onde exerceu como embaixador a principios do século XIX.

Peixe, marisco e albariño

Ao despedírmonos das adegas e dos seus distintos espazos será hora de cear. Peixes e mariscos desta ría preparados á prancha ou con salsas e guarnicións máis ou menos sofisticadas, mesmo a base de albariño, reinan nos menús dos restaurantes e locais de tapas das rúas lindantes á Praza de Fefiñáns.



| día 2 |

Camelias e viñedos nos pazos de Vilagarcía de Arousa e Ribadumia

O Pazo de Rubiáns, un maxestoso xardín de inverno

Despois dun almorzo tranquilo en Cambados aconsellámosvos comezar a mañá cunha visita de alto valor botánico, enolóxico e histórico-artístico. Referímonos ao Pazo de Rubiáns, moi próximo á poboación de Vilagarcía de Arousa, onde chegaremos en apenas vinte minutos en coche pola VRG-43.

Ao situármonos ante o portalón de entrada á propiedade xa reparamos na inscrición histórica realizada por García de Caamaño e Mendoza, Señor da Casa de Rubiáns. A visita, de dúas horas de duración, estará guiada por persoal do pazo e desenvolverase como un paseo moi didáctico polos xardíns, o parque, o bosque e o viñado ata concluír no interior da Casa de Rubiáns, que, dende a súa reforma no século XVIII, quedou convertida en pazo.

Aquí a camelia é a señora entre máis de cen especies de flores, dende que o duque de Caminha llas obsequiou aos señores da casa a principios do século XIX. A idade e o porte téñenas convertido en formacións sorprendentes. Hoxe existen máis de 35 especies e 800 variedades diferentes, que fan de Rubiáns un xardín de inverno maxestoso.

Un dos lugares míticos do paseo é o **Estanque das Ras**, coa súa pérgola e glorieta emparrada e circundado por plataneiros e buxos. Tras del internámonos nun bosque axardinado de frondosas árbores de especies caducifolias. Se o día é soleado fixédevos como a luz revela toda a vexetación do sotobosque.

As camelias imperan no Pazo de Rubiáns, dende que o duque de Caminha llas regalou aos señores da casa a principios do século XIX





Poderemos participar na vendima, se é a época

Dende este espazo ascendemos por unha ladeira cultivada fundamentalmente de *albariño*, dende onde gozamos dunhas magníficas vistas da ría e de Vilagarcía de Arousa. O viñado esténdese ao longo de 25 hectáreas e o seu cultivo realízase en “emparrado” e “espaleira”. Quizais poidamos observar as tarefas dos operarios do viñado. Se o desexamos tamén é posible participar na vendima, cando sexa a época, programándoo previamente.

Tralo viñado descubrimos a zona máis nova do xardín, de 25 mil metros cadrados, que alterna zonas de pendente rochosas e un fermoso salto de auga. A filosofía que impulsa os traballos aquí, algúns aínda en fase de proxecto, é recuperar unha zona que quedou afectada durante a vaga de incendios de 2006 en Galicia.

O peculiar cheiro do alcanfor

Os nosos anfitrións non deixarán que perdamos detalle do conxunto de elegantes criptomeras, de palmeiras, das perennifolias da entrada, dos calocedros, das enormes sobreiras e dos alcanforeiros, convidándonos a partir unha folla destes últimos para comprobar o típico cheiro do alcanfor. Seguro que tamén nos asombraremos ante a magnitude dos xigantescos exemplares de *Eucalyptus globulus* plantados en 1820, entre os que se atopa o máis grande de Europa, con 14 metros de perímetro. As sorpresas parecen non ter fin en Rubiáns.



Visita ao interior do pazo, a súa panadería e a súa adega

Despois de percorrer o exterior é o momento de entrar no pazo, con estancias decoradas ao estilo do século XVIII. Así mesmo, visitaremos a capela familiar, unha construción do XVI consagrada a San Xosé, onde podemos observar unha rareza da simboloxía relixiosa: os esposais da Virxe. Tamén atoparemos inusual a representación do coñecido como “San Xosé Milagreiro”, unha imaxe do santo de mozo co Neno Xesús en brazos.

Rematamos cun percorrido por diversas construcións que levan en pé dende o século XV, como a panadería, a adega e as cortes, que se restauraron e hoxe dan servizo ás visitas e á tenda. Nela atopamos produtos de elaboración artesanal relacionados co universo vexetal de Rubiáns como candeas de alcanfor, xabóns de aceite de camelia, xoiería artesá, ademais do viño producido nas adegas do pazo.



O Pazo Quinteiro da Cruz posúe instrumentos do lagar e apeiros de labranza catalogados no patrimonio histórico vitícola europeo

As ameixas de Carril

Para cando sexa a hora de xantar propoñémosvos facer un pequeno traxecto en coche ata Vilagarcía de Arousa, unha das principais vilas de Galicia, onde os seus restaurantes serven excelentes peixes e mariscos. Outra opción é conducir dez minutos máis cara ao norte, ata chegar á poboación de Carril, famosa pola súas ameixas, exaltadas cunha festa gastronómica propia en agosto. Recomendámosvos un menú deste exquisito bivalvo, acompañado con outros mariscos da zona, sen renunciar aos albariños da subzona do Salnés, da Denominación de Orixe Rías Baixas.

A “Camelia de Ouro”, no Pazo Quinteiro da Cruz

Trala sobremesa, animámosvos a visitar un dos exemplos de xardín palaciano máis sobresaíntes de Galicia, o Pazo Quinteiro da Cruz, na parroquia de Lois, dentro do concello de Ribadumia. É un espazo de elevado valor botánico e ornamental, onde a camelia é a protagonista do xardín, non só porque aquí se cultivan máis de mil variedades, senón porque faise con aloumiño e sabedoría, grazas ao cal foi merecedor, en varias ocasións, do galardón “Camelia de Ouro” no Concurso-Exposición Internacional da Camelia.

Ao pasear por este terreo de sete hectáreas comprobaredes como o contorno semella que destila a esencia de boa parte do simbolismo galego polos elementos que o compoñen: a casa nobre; unha fermosa construción do século XVIII; dous hórreos espectaculares, un que mide ata 15 metros de lonxitude e o outro incorporado a un estanque-lavadoiro; dous cruceiros, fontes ornamentais, o pombal e a capela. Notaredes como todos se envolven da sinxela beleza do granito galego, macerado durante décadas na humidade do musgo e do lique.

A propiedade inclúe un alpendre con soportais onde se expoñen elementos de importante valor etnográfico como unha antiga lareira, instrumentos do lagar e apeiros de labranza, catalogados no patrimonio histórico vitícola europeo e no patrimonio histórico-artístico de Galicia.

Unha adega familiar

O xardín está rodeado de viñedos de *albariño*, que tamén imos percorrer. Deles extraen unha produción limitada, pero exquisita, coa que elaboran os seus cotizados viños brancos na adega familiar, aloxada nunha antiga construción de pedra dentro da propiedade. No interior podedes contemplar todo o equipamento necesario para a criomaceración do mosto e o posterior proceso de fermentación e control, a baixa temperatura, en tanques de aceiro inoxidable. Ao rematar a visita será boa hora para catar os seus caldos.



Ceamos no Grove e pasamos a noite na Illa da Toxa

Concluído o percorrido propoñémosvos ir en dirección sueste cara ao Grove, poboación coñecida como a “capital do marisco” e gozar dunha pequena camiñada polo Paseo Marítimo observando a intensa actividade do seu porto deportivo, antes da cea. Cando o apetito se manifeste, calquera das marisqueiras da zona seguro que será do voso agrado. Á hora de durmir atoparedes aloxamento de gran calidade na bela e próxima Illa da Toxa, xa que dispón de dous hoteis-balneario e un hotel-talaso, que son emblema de luxo e termalismo.

| día 3 |

Marisco, xardíns e augas mineiromedicinais

Unha travesía pola Ría de Arousa

Tras gozar dun bo almorzo cunhas estupendas vistas ao mar e ao contorno da Ría de Arousa dende A Toxa, embarcámonos nunha travesía mariñeira pola ría, para descubrir os seus encantos paisaxísticos e a súa riqueza marisqueira. Non esquezades que as Rías Baixas galegas están consideradas unha das maiores reservas de fitoplancto do planeta, segundo a FAO. Esta é a razón de que diferentes mariscos criados aquí en bateas obteñan un tamaño e sabor excepcional.

Para iniciar a aventura será necesario que nos despracemos de novo ao **porto deportivo do Grove**, a só cinco minutos en coche, dende onde salen veleiros, catamaráns ou barcos de fondo transparente que realizan estas travesías pola ría. Moitos deles xa ofrecen a comida a bordo, a base dun menú tipicamente galego que adoita incluír a degustación de marisco fresco, en empanada galega e noutras preparacións típicas, acompañado de viño albariño da Denominación de Orixe Rías Baixas, polo que vos aconsellamos esta opción.


O traballo nas bateas

Durante a excursión fondéase ao lado de verdadeiros bosques de algas, fáciles de observar dende o fondo acristalado do barco. Tamén nos detemos ante as bateas para comprobar o duro traballo dos bateeiros, que realizan, con axuda mecánica, o desdobre das cordas que suxeitan o marisco e que poden pesar ata 300 quilos. E límpanas de algas ou parasitos para que non afecten ao crecemento dos mexillóns, ostras ou vieiras cultivadas na batea. Dende o fondo transparente do barco é posible ver como esas cordas penduran cara ao fondo mariño e ademais descubrir bancos de peixes de distintas especies, como sargos, bogas ou peixes bésta.

Cando desembarquemos no **porto do Grove**, podemos recompoñernos da viaxe tomando un refrixerio sentados nunha terraza próxima para despois poñer rumbo ao concello de Meis, onde chegaremos logo dunha media hora escasa pola AG-41.



> Bateas



A Finca da Saleta, un referente botánico

Neste contorno atópase a Finca da Saleta, referencia botánica nos rexistros de “Xardíns de España” da Sociedade Española da Camelia, de importante relevo no cultivo desta flor. Aquí cultívanse 200 exemplares de camelia arredor dunha pradeira que aparece tinguida de branco, rosa, vermello, violáceo e xaspeado durante a floración (entre novembro e marzo).

Tamén nos saen ao paso rododendros, azaleas, protáceas e mirtáceas australianas e ericáceas sudamericanas, perfectamente etiquetadas e identificadas; un corredor con diferentes variedades de enredadeiras e lugares onde os arbustos pasaron á categoría de árbores. O terreo está rodeado por cinco hectáreas de carballos, eucaliptos e sobreiras, entre os que se agacha un pombal octogonal. En xeral imos ver un xardín onde reina un caos perfectamente ordenado, deseñado pola paisaxista Brenda Colvin.

Ao lado da casa de labranza atopamos un hórreo e unha capela, que aínda conserva un retablo e una bóveda policromada, onde se dan cita os veciños para celebrar o día da Virxe da Saleta.

Un tratamento termal na Toxa

Cando conclúa a visita recomendamos volver á Illa da Toxa para entregarvos a una tarde de relax, que aproveite os efectos salutíferos da auga do mar ou dos mananciais. Tamén podedes recibir un tratamento de beleza, relax ou saúde. Hainos tan suxestivos como os que combinan a talasoterapia coas propiedades benéficas da uva *albariña*. Así tampouco deixamos de lado outro dos aspectos que a viticultura do Salnés exporta a campos como o terapéutico ou o cosmético.

Tralo tratamento termal sempre é apropiado e ata desexable rematar de relaxarse cunha pequena sesta. Ao espertar sentirémonos completamente descansados para dar un paseo pola illa, que nos sentará ben antes de cear e abriremos o apetito. As beiras da illa ofrecen vistas privilexiadas á ría, pisando a area da praia, ou dende paseos con brancas balaustradas. Tamén existen no interior sendas con palmeiras e un parque de piñeiros para respirar aire puro.

| día 4 |

Da Toxa a Combarro, Pontevedra e Soutomaior

A tradición xaboeira da Toxa

Ao rematar o almorzo, non podemos abandonar a illa sen visitar a singular **Capela das Conchas**, en pleno centro. O interior conserva certo aire mariñeiro, pero a verdadeira atracción é o exterior, completamente recuberto de cunchas de vieira, que nos ofrece un decorado perfecto para inmortalizar a visita cunha foto.

Se desexamos ultimar as compras e regalos podemos achegarnos ata a **tenda-museo da “Toxa”**, marca que produce un dos xabóns con máis tradición de España, ademais doutros produtos de hixiene e cosmética. No seu interior

seguiremos a súa historia a través de paneis explicativos, e atoparemos á venda sales, xabóns ou cremas, elaboradas coas augas termais. Ao deixar a illa será inevitable tropezar coas vendedoras de colares de cunchas, que se apostan xunto á estrada, dando a benvinda e despedindo aos visitantes.

Convidámosvos a seguir a ruta pola PO-316 e a PO-308, estrada costeira que percorre o sinuoso perfil norte da Ría de Pontevedra. Ao noso paso iremos atopando pequenas poboacións mariñeiras e importantes vilas turísticas, como Sanxenxo e Portonovo.

O encanto de Combarro

Pouco antes de chegar a Pontevedra anúnciase a poboación de Combarro, asombrosa polo seu singular carácter mariñeiro. Recomendámosvos facer unha pequena parada para que vos internedes no seu conxunto histórico ata a **Praza de San Roque** e paseedes polas súas rúas en pendente, que descenden cara á ría. Dende aquí teremos a sensación de estar sobre unha gran mole de granito, onde se teñen esculpido as casas cos seus soportais e as súas balaustradas de forxa, pedra ou madeira.

Durante o paseo atoparemos gran número de cruceiros, a maioría coa imaxe da Virxe e Xesús, unidos polos seus respectivos costados. Se probamos a mirar cara a onde o fai o Cristo estaremos dirixindo a vista a terra e se facemos o mesmo coa Virxe orientámonos cara ao mar. Esta é a peculiaridade dos cruceiros de Combarro.

Despois continuade cara á **praia de Padrón**, que nos revela a panorámica máis sorprendente de Combarro, formada por trinta hórreos aliñados ao pé do mar. Adornados de plantas, mesmo coa pintura descascada e con pequenas illas de herba nos seus tellados, o seu aspecto resulta cativador. Tradicionalmente, os mariñeiros usábanos como secadoiros de peixe e almacén de millo, patacas e outros produtos traídos en barca do outro lado da ría, onde posuían terras de labranza, por ser as da súa beira agrestes e menos apropiadas para o cultivo.



As animadas prazas do casco histórico de Pontevedra

Ao partir de Combarro, seguindo a mesma dirección cara ao interior da ría, enseguida chegamos a Pontevedra, onde vos propoñemos almorzar nalgunha das tascas, bares ou restaurantes do seu casco histórico, do que presumen os pontevedreses por ser un dos mellor conservados de Galicia. O café da sobremesa reservádeo para a terraza dalgunha das belas prazas da cidade, como a da **Verdura**, **A Ferrería** ou **A Leña**, espazos públicos sempre moi animados, pois aquí gózanse con especial intensidade.

Tampouco podedes abandonar Pontevedra sen visitar a **Capela da Peregrina**, unha das edificacións máis simbólicas da cidade, xa que é o santuario da súa patroa. A súa planta é practicamente redonda, en forma de cuncha de vieira, e a súa fachada convexa está precedida por un atrio con escaleiras adornado por unha balaustrada con pináculos. No corpo superior fixédevos nas imaxes de Santiago, San Roque e a Peregrina, todos vestidos de peregrinos xacobeos, como protectores dos fieis que ían a Santiago polo Camiño Portugués.



As curiosidades do xardín do Castelo de Soutomaior

E para poñerlle o broche de ouro á última xornada entre viñedos e xardíns animámosvos a visitar o único xardín de España declarado "Xardín de Excelencia Internacional", título outorgado pola Sociedade Internacional da Camelia. Trátase do parque botánico do Castelo de Soutomaior, situado no concello do mesmo nome, dentro da comarca de Redondela.

Pola N-550 chegaremos en aproximadamente 25 minutos. Non debemos demorar moito a visita, pois é un destino repleto de sorpresas, como unha extensa colección que abrangue máis de 500 exemplares de 25 especies diferentes de camelias. O protagonista é o exemplar máis antigo,

en cuxa base medran 18 troncos, que o converten no de maior porte de Galicia. Aínda que por idade, o decano do lugar é un castiñeiro de 800 anos, dentro dun bosque con árbores autóctonas. Tamén atoparemos palmeiras, secuiois, plantacións de froiteiros e unha espectacular panorámica dos viñedos dispostos en bancais sobre o outeiro.

O exterior é de acceso libre e gratuito, non obstante o interior do castelo está suxeito a horarios de mañá e tarde. Se tendes a oportunidade de visitalo non perdades a ocasión de coñecer as estancias restauradas desta fortaleza, onde Pedro Madruga, figura clave da historia medieval de Galicia, tivo o seu feudo.



Cubertas: Stéphane Allier / J.Miquel Bernabéu



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA